

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E A COFRADÍA SANTIAGO APOSTOL DE BARALLOBRE, PARA "PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2023"

REUNIDOS

Dunha parte, D. Juventino José Trigo Rey, DNI nº 76 404 053 P, alcalde do Concello de Fene, en nome e representación do concello, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Jorge López Pena, DNI nº 32.664.700-P, en nome e representación da COFRADÍA SANTIAGO APOSTOL DE BARALLOBRE, con CIF G15033186.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Fene, logo da aprobación definitiva da modificación do anexo I de subvencións das bases de execución do orzamento de 2022, prorrogado ao 2023, preveu no ANEXO I, relación nominal de subvencións nominativas 2023, unha subvención nominativa á entidade COFRADÍA SANTIAGO APOSTOL DE BARALLOBRE por importe máximo de OITO MIL EUROS 8.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 432.48900.

SEGUNDO.- O procedemento de concesión da subvención foi iniciado a instancia do Concello. A entidade acompaña xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante o seu CIF e Estatutos.
- b) Acreditación da personalidade do seu representante.
- c) Certificado expedido polo Secretario da Entidade acreditativo da representación que ostenta o perceptor da subvención.
- d) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados. No caso de ter concedidas subvencións, indicación da súa contía e ente concedente.
- f) Declaracións responsables de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Fene (que se acreditará de oficio), e coa Seguridade Social.
- g) Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións (art. 10.2 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- h) Certificación dos datos bancarios da entidade.

TERCEIRO.- Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que esixe para que as disposicións de diñeiro realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións, que non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Finalmente, e co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas, ámbalas partes acordan establecer o presente convenio de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL

O presente convenio rexerá polo disposto na Lei 38/2006, de 26 de novembro, Xeral de Subvencións e Regulamento de desenvolvemento; Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local; Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico

das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común; Lei 47/2003, Xeneral Orzamentaria; RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; RD 500/90, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 38/88, de 28 de decembro, as Bases de Execución do Orzamento de 2022, prorrogado ao 2023 (BOP do 28.06.2023) e demais normativa que resulte de aplicación.

SEGUNDA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Fene destina a cantidade máxima de 8.000 € con cargo á partida 432.48900 do orzamento de 2022, prorrogado ao ano 2023. Dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos de PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2023 que se especifican na memoria e no orzamento de gastos que presenta a entidade con RXE núm. 999-1960, do 21.07.2023

TERCEIRA. OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten por obxecto facultar á COFRADÍA SANTIAGO APOSTOL DE BARALLOBRE para organizar e desenvolver as actividades de PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2023.

O período de vixencia do presente convenio abrangue do 1 de xaneiro ao 10 de decembro de 2023.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables todos os gastos correntes derivados da organización da actividade subvencionada consignados no orzamento de ingresos e gastos relacionados na solicitude de subvención até un máximo de #8.000 €# e que se realizaran durante do 1 de xaneiro ao 10 de decembro de 2023.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), co Concello de Fene, e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- Certificación dos datos bancarios da entidade.

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

Son obrigas do beneficiario:

- Levar a cabo as actividades que se establecen na memoria presentada ao efecto da obtención desta subvención.
- Lucir o logotipo do Concello de Fene e facer constar a cooperación do concello en todas as actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.

- A COFRADIA SANTIAGO APÓSTOL DE BARALLOBRE asume as obrigas derivadas da xestión e organización das actividades para PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2023.
- Cumprir coas obrigas que veñen impostas pola normativa reguladora das subvencións públicas.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a conta xustificativa como máximo antes do 11 de decembro de 2023.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron, con expresa mención dos resultados obtidos, incluíndo unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades.
- Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
- Relación clasificada dos gastos realizados en cada período subvencionable asinada polo/a Secretario/a da entidade co visto e prace da presidencia e con identificación dos acredores (nome e apelidos e NIF), conceptos de gasto dos documentos (número de factura ou documento equivalente) así como importe, data de emisión e data de pagamento e desviación acaecida respecto do orzamento inicial. Para os gastos de persoal indicarse para cada traballador/a e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.
- Orixinal ou fotocopia cotexada das facturas representativas dos gastos realizados. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- No caso de que a realización das actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nómina, factura ou documento equivalente (orixinais ou fotocopias cotexadas).
- Deberá estenderse no orixinal da nómina, factura ou documento equivalente ou substitutivo unha dilixencia na que se faga constar que a nómina, factura ou documento equivalente ou substitutivo utilizouse como xustificante de gasto para a xustificación deste convenio, con indicación no seu caso, da porcentaxe a aplicar. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia antes de facer a copia.
- Xustificantes de pagamento dos gastos mediante extractos ou certificacións bancarias nos que conste o beneficiario, o importe e a data de pagamento. Excepcionalmente, no caso de que o pagamento se efectuase en metálico (forma de pago non admitida para os gastos de importe superior a 600 euros) achegarse declaración xurada do tesoureiro da entidade sobre este extremo na que se recollerá unha relación dos pagos efectuados en metálico sinalando: número de factura, concepto, importe e data de pago.
- Declaracións responsables/certificacións vixentes de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Fene, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer consta a colaboración do Concello de Fene en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, vídeos, CD's, etc) ou, no seu defecto, declaración responsable acreditando que se fixo constar esta colaboración.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma motivada e por escrito no mesmo prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que implicará a perda do dereito de cobro da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Mediante Resolución da Alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla neste convenio.

NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIÓN

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigos 29 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

No que respecta ao reintegro de subvencións e imposición das correspondentes sancións estarase ao disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

UNDÉCIMA. NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DUODÉCIMA. INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene, e as Bases de execución do orzamento de 2022, prorrogado ao 2023.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados na sinatura.

Fene, 27 de novembro de 2023

O alcalde

A persoa representante do ente beneficiario